

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE INCLUSIÓN, SEGURIDADE SOCIAL E MIGRACIÓNS

- 1661** *Orde ISM/87/2021, do 1 de febreiro, pola que se establecen para o ano 2021 as bases de cotización á Seguridade Social dos traballadores do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar incluídos nos grupos segundo e terceiro.*

O artigo 119.sete.2 da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, establece que a cotización para todas as continxencias e situacións protexidas no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar incluídos nos grupos segundo e terceiro a que se refire o artigo 10 da Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, se efectuará sobre as remuneracións que se determinen mediante orde do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, por proposta do Instituto Social da Mariña, oídas as organizacións representativas do sector. Tal determinación efectuarase por provincias, modalidades de pesca e categorías profesionais, sobre a base dos valores medios de remuneración percibida no ano precedente.

A tal finalidade responde o contido desta orde, mediante a cal se determinan, en función dos valores medios das remuneracións percibidas no ano 2020, as bases únicas para a cotización por continxencias comúns e profesionais segundo provincias, modalidades de pesca e categorías profesionais.

Esta orde adecúase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia regulados no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Desta maneira, a orde responde á necesidade de determinar as bases anuais de cotización dos traballadores do mar incluídos nos grupos segundo e terceiro de cotización. É coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e co ordenamento xurídico da Unión Europea, posto que se dita para desenvolver as previsións contidas na Lei 11/2020, do 30 de decembro. É eficaz e proporcional, xa que regula os aspectos imprescindibles para que os suxeitos responsables poidan efectuar a cotización, determinando a contía das bases e a súa aplicabilidade, así como o prazo para o ingreso das diferenzas de cotización, proporcionando a seguridade xurídica necesaria ás persoas afectadas. Pola súa parte, o principio de transparencia foi debidamente considerado na medida en que os obxectivos que persegue a orde quedan claramente definidos no preámbulo, ademais de someterse o proxecto ao trámite de audiencia mediante a consulta directa ás organizacións sindicais e empresariais, ás confrarías de pescadores e ás organizacións de produtores pesqueiros máis representativas do sector, así como ao trámite de información pública. Así mesmo, é eficiente e a súa aplicación non impón cargas administrativas innecesarias ou accesorias.

No proceso de tramitación da orde foron oídas as organizacións representativas do sector e, de conformidade co disposto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, someteuse ao trámite de información pública a través da súa publicación no portal web do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

Esta orde dítase en uso da habilitación conferida polo artigo 119.sete.2 da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, e ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

**Artigo único. *Determinación das bases de cotización.***

As bases únicas de cotización dos traballadores incluídos nos grupos segundo e terceiro a que se refire o artigo 10 da Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, así como o artigo 54.2 e 3 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, para todas as continxencias e situacións protexidas no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, quedan establecidas para o ano 2021 nas contías que se reflicten nos anexos desta orde, sen prexuízo do establecido no artigo 11 da Lei 47/2015, do 21 de outubro, en relación cos coeficientes correctores.

**Disposición transitoria única. *Ingreso de diferenzas de cotización.***

As diferenzas de cotización que se puidesen producir pola aplicación das bases de cotización establecidas nesta orde respecto das cotizacións que, a partir do 1 de xaneiro de 2021, se efectuasen, poderán ser ingresadas, sen recarga, no prazo que finaliza o último día do segundo mes seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

**Disposición derradeira primeira. *Título competencial.***

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

**Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.***

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con efectos desde o día 1 de xaneiro de 2021.

Madrid, 1 de febreiro de 2021. O ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, José Luis Escrivá Belmonte.

**ANEXO I**

**Bases grupo segundo A (embarcacións entre 50,01 e 150 T.R.B.)**

*Año 2021*

Zona norte

	Modalidade de pesca	Modalidade pesca	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización		
			1 a 7	8	9 a 11
A Coruña. Lugo. Vigo. Vilagarcía. Asturias.	Arrastre, palangre de fondo e volantas en caladoiros internac. (excepto África).	17	2.781,00	1.992,00	1.827,00
	Arrastre en caladoiro nacional e costa de Portugal. Palangre de fondo e volantas en costa de África. Palangre de superficie.	07	2.571,00	1.725,00	1.608,00
	Palangre de fondo, cerco e outras artes en caladoiros nacionais.	58	2.013,00	1.620,00	1.527,00
Cantabria.	Arrastre.	11	2.781,00	1.992,00	1.827,00
	Palangre.	56	2.013,00	1.620,00	1.608,00
	Cerco.	41	1.848,00	1.563,00	1.563,00

	Modalidade de pesca	Modalidade pesca	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización		
			1 a 7	8	9 a 11
Gipuzkoa.	Cerco e palangre.	43	2.121,00	1.758,00	1.758,00
	Arrastre.	11	3.171,00	2.097,00	1.824,00
	Outras artes.	33	2.910,00	1.977,00	1.815,00
Bizkaia.	Artes fixas.	31	2.910,00	1.938,00	1.815,00
	Arrastre.	11	3.171,00	2.097,00	1.824,00
	Anzol e cerco.	06	2.076,00	1.728,00	1.728,00

## Zona leste

	Modalidade de pesca	Modalidade pesca	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización		
			1 a 7	8	9 a 11
Alacant. Castelló. Valencia. Illes Balears. Barcelona. Girona. Tarragona. Murcia.	-	99	2.031,00	1.686,00	1.686,00

## Zona sur

	Modalidade de pesca	Modalidade pesca	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización		
			1 a 7	8	9 a 11
Almería.	-	99	1.875,00	1.614,00	1.614,00
Cádiz.	-	99	1.848,00	1.503,00	1.503,00
Huelva.	Arrastre en augas internacionais.	18	2.679,00	1.839,00	1.662,00
	Arrastre, cerco e palangre.	23	2.193,00	1.593,00	1.530,00
Málaga. Granada. Melilla. Ceuta.	-	99	1.722,00	1.593,00	1.593,00
Las Palmas. Tenerife	-	99	2.679,00	1.839,00	1.662,00

## ANEXO II

## Bases grupo segundo B (embarcacións entre 10,01 e 50 T.R.B.)

Año 2021

Zona norte

	Modalidade de pesca	Modalidade pesca	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización		
			1 a 7	8	9 a 11
A Coruña. Lugo. Vigo. Vilagarcía. Asturias.	Palangre de fondo e volantas en costa de África.	57	2.571,00	1.725,00	1.608,00
	Palangre, cerco e outras artes menores.	55	1.863,00	1.482,00	1.482,00
Cantabria.	Arrastre e palangre.	26	1.863,00	1.482,00	1.482,00
	Cerco.	41	1.848,00	1.482,00	1.482,00
Gipuzkoa.	Cerco, palangre, anzol e artes fixas.	08	2.076,00	1.728,00	1.728,00
	Arrastre.	11	3.090,00	2.040,00	1.773,00
Bizkaia.	–	99	2.076,00	1.728,00	1.728,00

Zona leste

	Modalidade de pesca	Modalidade pesca	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización		
			1 a 7	8	9 a 11
Alacant. Castelló. Valencia. Illes Balears. Barcelona. Girona. Tarragona. Murcia.	–	99	2.031,00	1.686,00	1.686,00

Zona sur

	Modalidade de pesca	Modalidade pesca	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización		
			1 a 7	8	9 a 11
Almería.	–	99	1.722,00	1.614,00	1.614,00
Cádiz.	Arrastre, cerco e palangre.	23	1.722,00	1.389,00	1.389,00
Huelva.	Arrastre, cerco e palangre.	23	1.722,00	1.389,00	1.389,00
	Outras modalidades.	53	1.662,00	1.389,00	1.389,00
Málaga. Granada. Ceuta.	–	99	1.722,00	1.389,00	1.389,00
Las Palmas. Tenerife.	Palangre, cerco e outras artes menores.	55	1.722,00	1.389,00	1.389,00
	Palangre en augas internacionais.	60	2.379,00	1.635,00	1.464,00

## ANEXO III

## Bases grupo terceiro

Ano 2021

Zona norte

	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización	
	3 e 4	8 a 11
A Coruña. Lugo. Vigo. Vilagarcía. Asturias. Cantabria.	1.569,00	1.440,00
Gipuzkoa. Bizkaia.	1.626,00	1.494,00
		1.314,00*

\* Grupo 10 de cotización (en Bizkaia): neskatillas, empacadoras, mariscadores/as.

Zona leste

	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización	
	3 e 4	8 a 11
Alacant. Castelló. Valencia. Illes Balears. Barcelona. Girona. Tarragona. Murcia.	1.752,00	1.494,00

Zona sur

	Categorías profesionais encadradas dentro dos grupos de cotización	
	3 e 4	8 a 11
Almería.	1.617,00	1.470,00
Cádiz. Huelva. Málaga. Granada. Sevilla. Melilla. Ceuta. Las Palmas. Tenerife.	1.542,00	1.380,00